

ACTA DA SESIÓN PLENARIA CONSTITUTIVA REALIZADA POLO CONCELLO EN PLENO O 17 DE XUÑO DE 2023.

Na vila de Vimianzo na Casa de Cultura do Concello, ás 12:00 h do 17 de xuño de dous mil vinte e tres, reuníronse os/as señores/as concelleiros/as electos que a continuación se relacionan para realizar a sesión Constitutiva da Corporación do Concello do Vimianzo resultante das eleccións locais celebradas o 28 de maio de 2023.

MÓNICA RODRÍGUEZ ORDÓÑEZ	PSdeG-PSOE
VÍCTOR MANUEL MUÍÑO RAMOS	PSdeG-PSOE
MARÍA JOSÉ POSE PÉREZ	PSdeG-PSOE
MIGUEL ÁNGEL PÉREZ MÉNDEZ	PSdeG-PSOE
ROSA BLANCO LEMA	PSdeG-PSOE
MARIO ANDÚJAR MOUZO	PSdeG-PSOE
SERGIO MIÑONES OANES	PSdeG-PSOE
MANUEL POSE TOMÉ	PSdeG-PSOE
BEATRIZ PAZOS NIMO	PSdeG-PSOE
JOSEFA CAMPOS VILLAR	PSdeG-PSOE
BENJAMÍN QUEIRO PÉREZ	BNG
MARÍA LORENA SUÁREZ PAZOS	BNG
JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ BLANCO	PARTIDO POPULAR

Dá fe do acto o secretario da Corporación, D. Francisco Javier Novoa Juiz.

O Secretario da Corporación explica o concepto e finalidade desta celebración plenaria a as fases nas que se divide a mesma:

- 1.- CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE.
- 2.- COMPROBACIÓN POLA MESA DE IDADE DAS CREDENCIAIS PRESENTADAS E ACREDITACIÓNS DAS PERSONALIDADES DOS ELECTOS CON BASE ÁS CERTIFICACIÓNS QUE Ó CONCELLO REMITISE A XUNTA ELECTORAL DE ZONA ASÍ COMO COTEXO DA APORTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN REQUERIDA PARA O REXISTRO DE INTERESES MUNICIPAL.
- 3.- DECLARACIÓN POLA MESA DE IDADE DA CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN SE CONCURREN A MAIORÍA ABSOLUTA DOS CONCELLEIROS ELECTOS.
- 4.- TOMA DE POSESIÓN DOS CONCELLEIROS.
- 5.- DECLARACIÓN DOS CANDIDATOS A ALCALDE ELECTO E VOTACIÓN PARA A SUA ELECCIÓN.
- 6.- TOMA DE POSESIÓN DO ALCALDE.

DELIBERACIÓNS:

1. CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE

Con base no previsto polos artigos 195.2 da Lei orgánica 5/85, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral e 37.2 do ROF, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro:

Constitúese a Mesa de Idade que queda integrada por Dna. Josefa Campos Villar en concepto de concelleira de maior idade como Presidenta da mesma e D. Sergio Miñones Oanes como concelleiro de menor idade que actuará como vogal, e D. Francisco Javier Novoa Juiz en concepto de secretario da Corporación, que actuará como secretario da Mesa.

2. COMPROBACIÓN POLA MESA DE IDADE DAS CREDENCIAIS PRESENTADAS E ACREDITACIÓNS DAS PERSONALIDADES DOS ELECTOS CON BASE ÁS CERTIFICACIÓNS QUE Ó CONCELLO REMITISE A XUNTA ELECTORAL DE ZONA ASÍ COMO COTEXO DA APORTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN REQUERIDA PARA O REXISTRO DE INTERESES MUNICIPAL.

A Mesa de Idade comproba e cotexa as Credenciais presentadas e remitidas pola Xunta Electoral de Zona de Corcubión coa Acta de Proclamación de Electos.

O Secretario da Corporación manifesta que se presentaron polos concelleiros entrantes as Declaracións de Bens Patrimoniais e Declaración de Actividades e Posibles Causas de Incompatibilidade conforme ó establecido no artigo 75 da Lei 7/85 de 2 de abril.

- Comprobación de credenciais e persoal electo

Dos mencionados actos, resulta que a Corporación se integra polas persoas que se expresan a continuación, as cales se presentaron polas listas electorais que se indican:

MÓNICA RODRÍGUEZ ORDÓÑEZ	PSdeG-PSOE
VÍCTOR MANUEL MUÍÑO RAMOS	PSdeG-PSOE
MARÍA JOSÉ POSE PÉREZ	PSdeG-PSOE
MIGUEL ÁNGEL PÉREZ MÉNDEZ	PSdeG-PSOE
ROSA BLANCO LEMA	PSdeG-PSOE
MARIO ANDÚJAR MOUZO	PSdeG-PSOE
SERGIO MIÑONES OANES	PSdeG-PSOE
MANUEL POSE TOMÉ	PSdeG-PSOE
BEATRIZ PAZOS NIMO	PSdeG-PSOE
JOSEFA CAMPOS VILLAR	PSdeG-PSOE
BENJAMÍN QUEIRO PÉREZ	BNG
MARÍA LORENA SUÁREZ PAZOS	BNG
JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ BLANCO	PARTIDO POPULAR

3. DECLARACIÓN POLA MESA DE IDADE DA CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN SE CONCURREN A MAIORÍA ABSOLUTA DOS CONCELLEIROS ELECTOS.

Cotexada pola Mesa de Idade o quorum mínimo esixido regulamentariamente no artigo 37.4 do ROF que neste caso sería de 7 concelleiros electos e figurando os 13 resultantes das eleccións locais celebradas o 28 de maio de 2023, a Presidenta da Mesa de Idade declara constituída a corporación do Concello de Vimianzo.

4. TOMA DE POSESIÓN DOS CONCELLEIROS.



Pásase a tomar o Xuramento ou Promesa de acordo á fórmula establecida no Real Decreto 707/1979 de 5 de abril en cumprimento do establecido no artigo 108 da LOREX e 6 do ROF.

▪ Xuramento ou promesa dos concelleiros/as

Para os efectos previstos no artigo 108.8 da Lei orgánica 5/85, do 19 de xuño, dáse lectura da fórmula regulamentaria para tal efecto prevista polo Real decreto 707/1979, do 5 de abril, a cal di textualmente:

“¿Xura ou promete, pola súa conciencia e honor, cumprir fielmente o cargo de concelleiro/a do Concello do Vimianzo con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, así como o Estatuto de Autonomía de Galicia?”

As persoas que se relacionan prestan xuramento mediante a fórmula de “si, prometo” tomando posesión a tódolos efectos como concelleiros do Concello de Vimianzo.

5.- DECLARACIÓN DOS CANDIDATOS A ALCALDE/SA ELECTA E VOTACIÓN PARA A SUA ELECCIÓN.

Procédese á fase de nomeamento de alcalde/alcaldesa deste concello no que serán candidatos/as os/as concelleiros/as electos que encabezan as súas respectivas listas.

O secretario sinala que comezarán preguntando as diferentes listas que obtiveron representación se presentan candidato/a que en todo caso será o cabeceiro/a de lista de cada candidatura.

Indica que quen obteña a maioría absoluta na votación quedará nomeado alcalde/alcaldesa electo para posteriormente prestar xuramento ou promesa e tomar posesión do cargo.

Manifesta asímesmo que por decisión da Mesa de Idade, a votación realizarase a man alzada por cada candidatura resaltando o carácter persoal, intransferible e único do voto ordinario.

Manifesta que, no caso de que nunha volta da votación non se obteña unha maioría absoluta (7 votos), pasará a ser alcalde/alcaldesa o/a concelleiro/a que encabece a lista máis votada, que neste caso é a do PSdeG-PSOE.

Cada Candidatura propón como candidato/a á Alcaldía ó seu cabeza de lista:

CANDIDATA	PSdeG-PSOE	MÓNICA RODRÍGUEZ ORDÓÑEZ
CANDIDATO	BNG	BENJAMÍN QUEIRO PÉREZ
CANDIDATO	PARTIDO POPULAR	JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ BLANCO

Pásase a votación comenzando pola candidata da lista que obtivo máis votos nas eleccións celebradas o 28 de maio de 2023 conforme a Acta de Escrutinio continuando en xeito decrecente.

VOTOS PARA A CANDIDATA DO PSdeG-PSOE: 10 VOTOS.



O Secretario da Corporación e da Mesa de Idade comunica por tanto que queda proclamada Alcaldesa Electa ó obter a maioría absoluta de votos, Dna. MÓNICA RODRÍGUEZ ORDÓÑEZ.

6. TOMA DE POSESIÓN DA ALCALDESA.

- Xuramento ou promesa e toma de posesión da alcaldesa electa:

Solicitada a presenza da alcaldesa electa, lese por parte da Presidenta da Mesa de Idade a fórmula regulamentaria, para tal efecto, prevista no RD 707/1979, do 5 de abril, a cal di, textualmente:

“¿Xura ou promete, pola súa conciencia e honor, cumprir fielmente o cargo de alcaldesa do Concello do Vimianzo con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, así como o Estatuto de Autonomía de Galicia?”

Dna. Mónica Rodríguez Ordóñez presta promesa mediante a fórmula “Si, prometo”.

Evacuado este trámite, toma posesión do seu cargo de alcaldesa-presidenta e asume a presidencia da sesión disolvéndose a Mesa de Idade.

Por parte da Presidenta da Mesa de Idade faise entrega simbólica do bastón de mando á nova alcaldesa, que pasa a presidir o acto colexiado disolvéndose nese momento a Mesa de Idade como explica o secretario da Corporación.

D. Benjamín Queiro traslada que a cidadanía non entendeu ben o seu mensaxe pero que estes catro anos estará nunha oposición dura e constructiva para mellorar o pobo, ademais felicita de xeito expreso a Mónica Rodríguez polo seu resultado.

D. José Manuel Rodríguez Blanco, dí que é unha honra ser concelleiro e fara o posible para que prospere o pobo de Vimianzo dende a oposición.

A Alcaldesa-Presidenta emite un discurso de presentación no que expresa a súa satisfacción por compartir este momento con todos os presentes.

Asímesmo, agradece a anterior corporación o traballo e diálogo existente, esperando respecto e colaboración para a seguinte.

Manifesta a súa apertura a colaboración coas dúas forzas políticas reiterando a súa humildade.

Expresa o seu desexo de que todos poidan chegar ao final do camiño coa satisfacción e ilusión polo traballo feito e que o concello está aberto a tódolos veciños.

A toda a veciñanza de Vimianzo promételle que terán a súa maior implicación para acadar todos os obxectivos marcados, e solicítalles o seu apoio e alento para conseguir todo este traballo.

Tras isto, sen máis asuntos que tratar, a presidenta remata a sesión ás 12:35 horas e eu redacto esta acta e certífoa como secretario, no lugar e data citados.

A alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez

O secretario xeral
Francisco Javier Novoa Juíz